

# DESCRIPCIÓN XERAL da ACTIVIDADE

Este seminario de carácter práctico, procura proporcionarlle aos profesionais docentes criterios para a selección e avaliación dos materiais didácticos.

A actividade ofrece diferentes propostas e modelos de avaliación para a análise dos diferentes tipos de materiais (libros de texto, guías, Cds, Webs, videoxogos, xoguetes, etc.), desde diferentes perspectivas e ámbitos do desenvolvemento pedagóxico. Deste xeito coñeceremos formas máis coherentes de achegarnos aos materiais en función de cada modelo e proxecto de escola. Así mesmo, serviranos para facer un uso máis coherente e crítico dos materiais en relación cos contextos educativos e curriculares de cada centro. Ademais, axudaranos a repensar o significado dos materiais didácticos nos diferentes momentos do seu desenvolvemento e a coñecer cales son as consecuencias que se derivan na práctica do uso que se realiza dos mesmos.

## OBXECTIVOS:

- Comprender a utilidade de avaliar os materiais didácticos.
- Favorecer a toma de decisións ao redor de materiais curriculares no contexto escolar dun xeito crítico e construtivo.
- Identificar as diferentes modalidades de guías e de modelos de avaliación dos materiais didácticos.
- Analizar e revisar as guías e modelos de avaliación dos que poden dispoñer os profesores/as de utilidade práctica na toma de decisións.
- Aprender a utilizar as propostas de avaliación de distintos tipos de materiais
- Analizar colaborativamente os recursos didácticos.

## METODOLOXÍA do SEMINARIO:

### AS SESIÓNS TEÓRICAS:

A conferencia, o relatorio e a mesa redonda, servirán para axudarnos a situar a cuestión da avaliación no conxunto das tomas de decisións que poidamos adoptar en relación cos recursos.

### OS OBRADOIROS:

Son sesións baseadas nunha metodoloxía activa, preténdese que o asistente teña a posibilidade de iniciarse no desenvolvemento práctico da avaliación con aqueles materiais e recursos cos que conta na súa actividade profesional diaria.

O asistente terá a oportunidade de participar en dous obradoiros. En liñas xerais a estrutura dos obradoiros en cada unha das modalidades será a seguinte:

Cada poñente presentará modelos de avaliación ou unha selección de criterios científicos para avaliar os materiais aos que fai referencia o seu obradoiro. Posteriormente realizará un achegamento ao desenvolvemento de avaliación e funcionalidade. A continuación procederase ao desenvolvemento práctico co conxunto dos asistentes para que se inicien no proceso de avaliar. Rematada esta sesión teórico-práctica proporase unha posta en común (mesa redonda) dos resultados atopados, froito da análise dos materiais, e procederase a reflexionar sobre o que supuxo o proceso de avaliación dos recursos achegados polos asistentes.

# PROGRAMA

## VENRES:

17:00 – 17:30 RECOLLA DE MATERIAL

17:30 –18:00 ACTO DE INAUGURACIÓN

18:00 – 20:00 CONFERENCIA INAUGURAL

“Implicacións do dixital no deseño e uso de libros de texto e materiais didácticos”.

Jordi Adell

20:00 – 21:30 MESA REDONDA

“O proxecto Abalar a análise”

## SÁBADO:

09:30 – 11:00 OBRADOIROS (Modalidade rotatoria: 14 participantes por obradoiro)

Obradoiro 1: O libro de texto dixital a análise. Prof. Jordi Adell

Obradoiro 2: Análise de videoxogos. Prof. David Rodríguez

Obradoiro 3: Avaliación dos materiais Multimedia.

Obradoiro 4: Avaliación dos recursos da vida ordinaria usados nas aulas. Profa. Montserrat Castro

Obradoiro 5: Análise dos xoguetes na infancia.

Obradoiro 6: Avaliación do ecoloxismo nos libros de texto. Comisión de Educación Ambiental de Verdegaia

Obradoiro 7: Análise de Contornas Virtuais de ensino e aprendizaxe. Prof. Héctor Manuel Rodríguez

Obradoiro 8: Análise dos materiais didácticos en educación infantil. Prof. Rosa Mª Vicente

11:00 –11:30 DESCANSO

11:30 – 13:30 CONTINUACIÓN DOS OBRADOIROS

16:00 – 17:30 ROTACIÓN DOS OBRADOIROS

17:30 – 18:00 DESCANSO

18:00 – 19:30 CONTINUACIÓN DOS OBRADOIROS

19:30 – 21:00 MESA REDONDA

“Avaliar materiais didácticos na era dixital” Conclusións conxuntas dos obradoiros. Coordinador:

Prof. Xesús Rodríguez

21:00 ACTO DE CLAUSURA

## FICHA TÉCNICA

### DESTINATARIOS:

Profesorado do ensino público e privado (Infantil, Primaria, Secundaria e Formación Profesional).

NÚMERO MÁX. DE PARTICIPANTES: 56 (13 deles poderán ser parados).

HORAS:12 (Solicitada a homologación pola Consellería de Educación e OU)

CUSTE: Ata o 20/01/12: matrícula ordinaria (40 e); Parados/as (30 e); Socias/os (20 e). Desde o 21/01/12: matrícula ordinaria (50 e); Parados/as (40 e); Socias/os (30 e). Deberase acreditar, no seu caso, a condición de parados/as ou membros de NEG.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o día 10/02/2012.

Enviarase cuberto o formulario da inscrición ([www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)), xunto coa copia do ingreso bancario (no que figuren nome, apelidos e D.N.I.) ao enderezo ou ao correo-e sinalados a continuación:

Nova Escola Galega

San Clemente 18-baixo

15705 Santiago de Compostela

Tel/Fax 981 562 577 - [neg@mun-do-r.com](mailto:neg@mun-do-r.com)

Ingresar na conta de NOVA GALICIA BANCO: 2080 – 0300 – 85 – 3040089500